

BASES DO CONCURSO DE COMPARSAS “ENTROIDO BAIONA 2010”

PRIMEIRA.- A inscrición para participar, deberá facerse nas oficinas do Concello dende o mercres 27 de xaneiro ata o venres 12 de febreiro de 2010, en horario de 9:00h-13:30h.

SEGUNDA.- As comparsas participantes, deberán estar integradas por un mínimo de 8 persoas.

TERCEIRA.- Os premios establecidos son os seguintes:

1º PREMIO900 EUROS
2º PREMIO650 EUROS
3º PREMIO500 EUROS

Entre as demais comparsas participantes, repartiránse os seguintes premios:

De 81 a 100 compoñentes 500 euros por participar.

De 61 a 80 compoñentes 400 euros por participar.

De 41 a 60 compoñentes 300 euros por participar.

De 21 a 40 compoñentes 200 euros por participar.

De 12 a 20 compoñentes 100 euros por participar.

CUARTA.- Para optar ós premios, as comparsas deberán desenrolar o seguinte programa:

- a) Participar no desfile organizado.
- b) Tódalas comparsas participantes deberán aportar obrigatoriamente su música en CD .
- c) Realizar unha exhibición de 5 a 10 minutos ante o xurado.
- d) Participar no enterro da sardiña que terá lugar o día mércores 17 de febreiro ás 19,00 horas desde a Praza do Concello ata a Praia Ribeira.

QUINTA.- As comparsas concentraranse antes das 17:30 horas do martes 16 de febreiro nas inmediacións do Porto Pesqueiro, comezando a esa hora o desfile polas rúas da Vila, para rematar na rúa Carabela Pinta onde terán lugar as exhibicións diante do xurado.

SEXTA.- O Xurado estará integrado por persoas do mundo da cultura, deporte, música, letras, etc., designadas polo Concello. O xurado poderá declarar premios desertos en caso de non reunir uns mínimos de calidad esixidos.

SÉPTIMA.- Valoraránse entroutos os seguintes aspectos:

- a) Disfraces, máscaras, maquillaxes, etc, axeitados ó motivo que representen.
- b) Orixinalidade, inxenio, caracterización, instrumentalización, etc.
- c) Actitude no desfile acorde co motivo na exhibición.
- d) Calidade e creatividade na exhibición.
- e) Número de compoñentes da comparsa.

Baiona, 27 de xaneiro de 2010

**SOLICITUDE PARA O CONCURSO DE COMPARSAS
“BAIONA-ENTROIDO 2010”**

DATOS PERSONALES:

DON/A _____,
PROVISTO DO N.I.F. _____, CON DOMICILIO EN

TFO.: _____

Nº de cuenta corriente: _____

EXPON:

Que enterado polos carteís publicados polo Concello de Baiona, relativos ó Concurso de Comparsas “ENTROIDO 2010” e cumprindo coas bases do mesmo en nome e representación da COMPARSA

“ _____ ”

SOLICITA:

Me sexa admitido no devandito concurso

Baiona, de _____ de 2010

Asdo.: